

REBECCA HARDING DAVIS

# A vida na fundición

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

*É este o final?  
Oh, vida, tan fútil como fráxil!  
Que esperanza cabe de resposta ou rectificación?*<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup>A primeira pregunta é un engadido de Harding Davis. As dúas liñas seguintes son versos da última estrofa que compón o Canto LVI do extenso poema de corte espiritual «In Memoriam A. H. H.» (1850), escrito polo inglés Alfred Tennyson (Somerset, 1809-Lurgashall, 1892).

Un día anubrado: sabes o que iso significa nunha vila dedicada á siderurxia? Que o ceo oprime antes da amenida, lamacento, estanco, inmóbil; que o ar é testo e está viciado co bafo dunha turba de seres humanos. Anúlame. Abro a fiestra e, ao asomar a cabeza, apenas distingo a través da choiva a tenda de comestibles de en fronte, onde unha multitude de irlandeses borrachos chuchan das pipas o tabaco de Lynchburg<sup>2</sup>. Son capaz de detectar o seu aroma entre os moitos noxentos olores que pululan polo ambiente.

O fume está presente na idiosincrasia desta vila. Desprega o seu gris en lentas bafareiras expulsadas polas altas chemineas das fundicións, até acabar pousado nas fochancas negras e lordentas das rúas embarradas. Fume nos peiraos, fume nos sórdidos botes, no río amarelo; fume que ascende nun graxento manto de feluxe pola fachada da casa, polos dous umeiros murchos, polos rostros dos

---

<sup>2</sup>Lynchburg (unha pequena cidade do estado de Virxinia) caracterizábase pola súa alta produción de tabaco, que comercializaba a prezos baixos. John Lynch (Albemarle Country, 1740-Lynchburg, 1820), o fundador da cidade foi, de feito, quen primeiro construíu alí unha tabaqueira cando corría o ano 1785. Esa industria foi clave no desenvolvemento comarcal, tanto que a localidade chegou a ter até dezaoito fábricas distintas a mediados do século XIX, de aí que na época do relato a alcumasen «Tobacco City», a cidade do tabaco.

paseantes. A longa recua de mulas, que arrastra bloques de ferro en bruto polas calellas, desprende un vapor fétido que se adhire aos seus pestilentes flancos. Aquí dentro, encol da cambota da miña cheminea, hai unha figuriña rota dun anxo que apunta cara ao ceo; pero mesmo as súas ás están cubertas de fume reconcentrado e negro. Fume por todas as partes! Un sucio canario trina desolado nunha gaiola ao meu carón. O seu soño de verdes pradarias e recacheira é un soño moi antigo, desbaratado case, penso eu.

Dende a ventá traseira vexo un patio de ladrillo que descende até a beira do río, ategado de barrís e cubas. O río, amortuxado e pardo (*la belle rivière!*), arrástrase calmoso, canso dos pesados botes e barcazas de carbón. Que ten de raro? Cando pícara<sup>3</sup>, adoitaba imaxinar unha expresión de boba e fatigada súplica no rostro do río que, coma un escravo negro, soporta a súa carga día tras día. Algo non moi diferente daquela nebulosa idea acode hoxe ao meu maxín cando, dende a fiestra que dá á rúa, contemplo a lenta caterva de humanidade que pulula por aí adiante, mañá e noite, rumbo aos altos fornos. Masas de homes, con rudos e aburridos rostros gachos coa mirada cravada no chan, curtidos aquí e alá pola dor ou polo enxeño; pel e músculos e carne emporcallados de fume e cinzas, que botan a noite inclinados sobre caldeiros de fervente metal, acubillados durante o día nos tobos da

---

<sup>3</sup>A estrutura do inglés permitiu que a autora agochase ao longo de todo o relato o xénero da voz narradora. Tanto é así que a crítica, tras a publicación orixinal desta peza de maneira anónima, creu ver un narrador masculino. Se ben sería posible (aínda que lixeiramente máis forzado) agochar o xénero nesta tradución, a escolla foi a da restitución dunha voz feminina, na medida na que a carga biográfica resulta evidente e a voz narradora equivale maioritariamente á da autora. Hai, neste sentido, varios estudos críticos publicados que abordan o tema do narrador ou narradora en profundidade.

